

Bases de inscrición para a actividade “Campamento Urbano Audiovisual 2019”

1. LUGAR E HORARIOS

O “Campamento Urbano Audiovisual 2019” desenvolverase os días 16, 17, 18, 19, 20, 22, 23, 24, 26 e 27 de xullo, en horario de 10:00 a 14:00 horas.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

As persoas destinatarias desta actividade son a mocidade nacida entre os anos 2002 e 2006, ambos incluídos.

O número de participantes será de 15.

Si se ve superado o número de inscricións realizarase unha selección segundo se recolle no apartado 4 das presentes bases.

3. INSCRICIÓNS

As persoas que desexan participar neste actividade realizarán a inscrición na páxina web concelloderianxo.gal

- Inscrición en liña en www.concelloderianxo.gal

O prazo para presentar as solicitudes será dende o día 4, ás 10:00 horas, ata o día 11 de xullo, ás 14:00 h.

4. SELECCIÓN

Os participantes serán seleccionados:

1º Por orde de inscrición entre os que estean empadroados en Rianxo.

2º Por orde de inscrición

A inscrición nesta actividade autoriza expresamente ao Concello de Rianxo a que verifique o empadramento no concello.



5. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS

O listado definitivo de admitidos publicarase entre o 11 e 12 de xullo na páxina web do Concello de Rianxo www.concelloderianxo.gal e serán avisados telefonicamente ou por correo electrónico.

Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización da publicación dos datos persoais do solicitante.

6. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais da inscrición pasarán a formar parte dun ficheiro electrónico propiedade do Concello de Rianxo coa única finalidade de proceder á inscrición na actividade para a que se proporcionan os datos. En ningún caso estes datos serán cedidos a terceiros nin utilizados con outra finalidade. Garántense os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante comunicación por calquera medio legal, no Rexistro Xeral do Concello: Praza Castelao 1, 15920 Rianxo.